



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e sete de xuño de dous mil dezanove, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María de los Ángeles Buján Burgo, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Nuria Vázquez Argerey, Don Enrique Barreiro Sánchez, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Juan Ramón Varela López, Dona Nerea Campo Fariñas e Dona María Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste no concelleiro Don Juan Carlos Casal Pena.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte de xuño do actual (para dar cumprimento ao disposto no art. 38 do R.O.F.) repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Por Secretaría fanse constar erros no borrador da acta, que a continuación se transcriben:

- No encabezado da acta, onde di sesión ordinaria, debe dicir, sesión extraordinaria.
- no punto 9, referido á asignación de dedicacións a membros da corporación, onde di "A delegada da Alcaldía, de Cultura, Turismo e Servizos Sociais", debe dicir "A delegada da Alcaldía, de Cultura e Turismo",

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por nove votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros asistentes do Grupo Popular) e coa abstención da concelleira Sra Martínez Martínez (que non asistiu á sesión) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte de xuño do actual, coas correccións postas de manifesto por Secretaría, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO EN NARLA, A SOLICITUDE DE DON MANUEL LOUREIRO LAMAS.- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado a solicitude de Don Manuel Loureiro Lamas, de modificación do trazado de camiño e mellora de camiño, segundo documentación técnica realizada polo Enxeñeiro T. Agrícola Don Rubén Crecente Pérez, solicitando desafectación de parte do camiño.

O camiño figura no Inventario de Bens Municipais co núm. de orde dentro do Grupo 172-4, núm. de orde dentro do Inventario 172 coa denominación Pista Calle-



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A Portela, que comeza en Calle, pasa por Vilariño e remata en A Portela, figurando cunha anchura de 6,5 metros e una lonxitude de 3.840 metros.

Ao respecto da solicitude no seu día presentada, emitíuse informe polo arquitecto Sr. López Vázquez, no que se sinalan diversas consideracións de índole técnica e xurídica. Conclúe que antes de continuar, deberán resolverse as deficiencias apreciadas na documentación técnica, e caso de non solventarse, estímase que procedería sen mais trámite o arquivo das actuacións.

O 16 de novembro de 2018, preséntase escrito, no que pon de manifesto cuestións de índole urbanística e técnica ao respecto do informe técnico emitido. En relación coa adecuación á legalidade urbanística, dise que o camiño está afectado por varias clasificacións do solo, unha parte está en solo de núcleo común, e o que se pretendía mellorar coa compensación da desafección está en maior parte en solo rústico de protección de augas. Polo tanto optan con cambiar o planteamento inicial e procede a solicitar que se tramite a desafección de un tramo de 117,40 metros lineais do devandito camiño (27020A080090030000BG), sen realizar a compensación de terreos que se plantexara. Con elo, ao non ter que realizar cambios de trazado por ampliación ou mellora no camiño que se realizaba a compensacións de terreos e ao non tocar en absoluto o camiño que se pretende desafectar, cumprirían escrupulosamente coa condición de non apertura ou ampliación de novos camiños, tanto dos contemplados no solo de núcleo rural como en solo rústico, e tamén cumprirían coa condición de non afectar muros de peche existentes en parcelas colindantes co camiño.

No que se refire á adecuación do expediente á legalidade urbanística, di que non causa prexuízos a terceiras persoas no habitual uso, que se refire ao tránsito por camiños públicos. A desafección está perfectamente acotada nos posibles prexuízos, como se pode comprobar na cartografía da zona, xa que:

- A desafección non imposibilita o tránsito de persoas, vehículos ou máquinas agrícolas na zona.
- Non supón diminución na calidade das vías alternativas que se poden utilizar para o tránsito, xa que a vía alternativa está en iguais condicións de uso que a que se desafecta (asfaltadas) e incluso aunque sexa por poucos centímetros, presenta unha anchura de vía superior á do camiño que se pretende desafectar.
- Existe unha rede viaria alternativa na mesma zona, que serve perfectamente para dar accesos á zona.
- En ningún momento esta desafección de parte do trazado, impide que desempeñe as mesmas funcións de comunicación de lugares e propiedades.

No que se refire ao cómputo da desafección do tramo de 117,40 metros lineais, supón desafectar unha superficie de 351 metros cadrados, comprendida no



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

perímetro que mide un total de 241 metros lineais. O resto do trazado do camiño seguirá intacto e pode seguir sendo utilizado como parte da rede viaria da parroquia de Narla. Proponse utilizar como alternativa un tramo de camiño que figura na documentación técnica, e o resto do propio camiño desafectado. O único que se fai con esta desafección é desprazar o entronque coa estrada nuns 136 metros mais ao oeste.

Coa data 25 de marzo do actual, emítese informe técnico, no que á vista das consideracións que figuran no mesmo, enténdese que podería continuar o expediente, ao resolverse as deficiencias apreciadas na documentación técnica. Á vista do expediente incoado, someteuse á consideración do Pleno do Concello, na sesión de 1 de abril do actual, a desafectación do tramo de camiño a que fai referencia a documentación presentada, na que debe acreditarse a súa oportunidade e legalidade. A oportunidade queda xustificada, á vista da documentación presentada e do informe técnico emitido, xustificándose polas razóns expostas na documentación técnica presentada en novembro de 2018, no que se solicita desafectar un tramo de 117,40 metros lineais, mellorando o camiño a utilizar. Todo elo, de acordo coa documentación presentada. Non obstante, estarase ao que resulte do trámite de información pública.

Na devandita sesión, a concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, puxo de manifesto que consultaron o tema cos veciños da zona, e á vista da oposición dos mesmos, votarán en contra da proposta, non desexando facer mais intervencións. O Sr. Alcalde respondeu que ao respecto de este asunto, era previsible a oposición dos veciños, xa que sempre houbo litixiosidade en relación cos camiños na zona. Non obstante, á vista da documentación presentada e dos informes emitidos, considera que segundo o establecido na lexislación vixente, debe procederse á tramitación do expediente, e á vista do resultado do trámite de información pública, adoptarase o acordo que se estime procedente.

O Pleno do Concello, na sesión de 1 de abril, por sete votos a favor (do Sr. Alcalde e dos votos dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e dous votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista asistentes á sesión) polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación, adoptou o acordo do que se transcribe a continuación a súa parte dispositiva:

“

- Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño ao que fai referencia a documentación técnica presentada en novembro de 2018, asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Sr. Crecente López, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. Inventario 172. coa denominación Pista Calle-A Portela, que comeza en Calle, pasa por Vilariño e remata en A Portela. A desafección refírese a un tramo de 117,40 metros lineais do devandito camiño, segundo a documentación presentada e os informes emitidos.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional da desafectación do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, a superficie resultante da parcela patrimonial (unha vez desafectada), procederase á súa enaxenación, de conformidade co previsto na normativa de aplicación.
- Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais”.

Coa data 17 de abril preséntase escrito por veciños de varios núcleos de poboación, en relación coa solicitude de Manuel Loureiro Lamas. No mesmo ponse de manifesto que se pretende desafectar para beneficio de interese particular dun propietario, un camiño que de sempre foi utilizado para a comunicación dos veciños da Portela con núcleos da zona, cara ao norte, con Cabeza de Vaca, seguindo despois a Vilariño e outros núcleos de fora da parroquia de Narla. Engade que non existen alternativas, nin oportunidade para desafectar un camiño de sempre imprescindible, que non se atopa en desuso, non existindo beneficio para o interese xeral, e si que existe evidente prexuízo par a veciñanza, e en particular para as persoas que subscriben a alegación. Conclúe solicitando se desestime o expediente en trámite e non se aprobe definitivamente a desafectación solicitada.

Coda data 10 de maio, ten entrada novo escrito de alegacións, presentado por Sergio Fernández Lamas (un dos asinantes do escrito anteriormente referenciado) ao que acompaña informe pericial asinado polo enxeñeiro técnico agrícola José María Trashorras Lodo, xunto con reportaxe fotográfico. No mesmo pon de manifesto que non consta acreditada a perda de valores e desuso do camiño, dicindo que e notorio que se usa como vía de comunicación entre os núcleos de Portela e Cabeza de Vaca, Vilariño, o Estanque e mais núcleos de Transmonte, servindo tanto para a intercomunicación dos núcleos, como para a comunicación dos mesmos coa CP 2106, que comunica coa capitalidade co concello, coa N VI e coa A6.

Engade que o camiño está en bo estado de conservación, con signos evidentes de usarse actualmente, que o Concello realizou obras de conservación ao longo do tempo. Engade constancia gráfica do camiño nas NNSS do Concello, e en Cartografía oficial. Di que no tramo do camiño están instalados puntos de luz da rede de alumeadado público e que a alternativa que se propón dismínue a calidade do tránsito, xa que coa supresión do mesmo, é necesario realizar maniobras na calzada, co conseguinte risco, xa que os dous cruces existentes na actualidade funcionan de xeito complementario. Engade que a explotación de gando porcino da que é titular, en Cabeza de Vaca, xera tránsito de camiós articulados nos dous sentidos indicados, tanto de entrada de materias primas como saída de animais.

Conclúe que non consta acreditada a legalidade e oportunidade, quedando acreditado o uso actual e a súa pertenza ao patrimonio público e a perda de calidade do tránsito coa alternativa proposta e polo tanto coa existencia de persoas prexudicadas e prexuízo para o ben público en xeral. Polo tanto solicita



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

que se deixe sen efecto o acordo do Pleno de 1 de abril de 2019, polo que se presta aprobación inicial ao expediente.

Coa data 10 de xuño emitíuse informe técnico polo arquitecto Sr. López Vázquez, en relación coas alegacións presentadas. Ao respecto di que en relación coas circunstancias de índole urbanística, as mesmas non desacreditan o cumprimento de ditas condicións, tal como se informou anteriormente. En relación coas circunstancias de índole xurídica, di que do trámite de exposición pública, tal como se reflexa nas alegacións e pericial presentadas, dedúcese que non existe perda de valores e desuso, xa que os alegantes consideran necesarias as dúas alternativas (a que se suprime e a que se mantén) e que ambas son regularmente usadas e necesarias. Dedúcese que existen persoas prexudicadas, aducindo prexuízos obxectivos como a proximidade do viario a eliminar do seu uso público para o acceso entre núcleos desde a súa vivenda, ou a diminución da calidade das vías de comunicación na parroquia de Narla. Conclúe que se entende, que de considerarse o alegado no período de exposición pública, procede desistir da continuación da tramitación do expediente.

Á vista do anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable e das consideracións ao respecto, e dunhas breves intervencións da concelleira Sra. Martínez Martínez e do Sr. Alcalde, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA**:

- Aceptar as alegacións presentadas no trámite de información pública, en relación coa aprobación provisional de desafectación do camiño. Consecuencia do mesmo, e unha vez estimadas as alegacións presentadas, desestímase a solicitude de desafectación do tramo de camiño de 117,40 metros lineais coa denominación Pista Calle-A Portela, que comeza en Calle, pasa por Vilariño e remata en A Portela.
- A consecuencia de elo, deixar sen efecto e concluír as actuacións realizadas ao respecto, procedendo ao seu arquivo, unha vez realizadas as notificacións pertinentes.

Unha vez que se procedeu á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

3.- EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- 3.1.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm 4/2019 do estado de gastos do actual exercicio (primeiro da competencia do Pleno) polo importe de 314.000€, para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, consistente en crédito extraordinario e suplemento de crédito. Para a súa financiación empréganse como recurso o remanente líquido de tesourería.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A aprobación do expediente, supón a modificación do Anexo de inversións aprobado no orzamento para o presente exercicio económico, incluíndo no mesmo inversións financeiramente sostibles, de conformidade co disposto na lexislación aplicable. No Real Decreto Lei 10/2019, de 29 de marzo, prorrógase para a ano 2019 o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles. A aprobación do expediente tamén leva implícito a modificación do Anexo da base 13 de execución do orzamento, engadindo dúas subvencións nominativas.

Á vista do actuado e da documentación ao respecto, emitíuse informe de intervención, sinalando o disposto na lexislación aplicable (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais). No mesmo faise referencia ao remanente de Tesourería, así como á liquidación do orzamento, que aínda non consta aprobada á data actual. Conclúe que tratándose da aprobación inicial do expediente, considérase que cando remate o prazo de exposición pública do mesmo, debería estar cumprimentada a tramitación referente á aprobación da liquidación do orzamento. Refírese tamén ás inversións financeiramente sostibles, incorporándose os informes económicos asinados polo arquitecto Sr. López Vázquez. Refírese tamén a outros aspectos aos que se refire a lexislación aplicable, advertindo que coa total execución das actuacións previstas na modificación, puidera en algún momento crearse desestabilidade orzamentaria ou incumprimento da regra de gasto.

Procédese á exposición da proposta polo Sr. Alcalde, detallando as actuacións que se inclúen no expediente, así como as subvencións outorgadas para algunhas das actuacións, que obrigan á habilitar crédito para as aportacións municipais, de acordo coas ordes reguladoras das axudas, en orde á cofinanciación das actuacións. Refírese ao remanente de tesourería utilizado para a financiación do expediente, así como ao importe sobranste do mesmo. No expediente de incorporación de remanentes utilizouse un total de 377.788,57€, para o presente expediente 314.000€, quedando un sobranste de 230.150,36€. Sendo o orzamento inicial de gastos para o presente exercicio de 3.688.265,20€, unha vez tramitado este expediente, supera os cinco millóns de euros, en concreto 5.131.785,47€, grazas ás xestións do equipo de goberno con outras administracións públicas, especialmente a administración autonómica. Refírese tamén a que os importes destinados a inversións supoñen un 46,23% do orzamento. Conclúe propoñendo a adopción do acordo de aprobación polo Pleno, en canto órgano competente.

Logo da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, e sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente, que supoñen créditos extraordinarios polo importe de 152.739,19€ e suplementos de crédito polo importe de 161.260,81€, o que supón un importe total de 314.000€. Como consecuencia do contemplado, modifícase o anexo de inversións. En relación co previsto para o 41 Rallye de San Froilán 2018, polo importe de 6.000€, así como da axuda para Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias AFALU, polo importe de 7.092€, modifícase o Anexo da Base 13º das Bases de execución do orzamento aprobado polo Pleno, engadindo as incluídas no presente expediente en dito Anexo.
- De conformidade co establecido na Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, sobre o destino do superavit orzamentario, para financiar inversións financeiramente sostibles, así como o Real Decreto Lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para o ano 2019 o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles, declarar como tales as que figuran na Memoria da Alcaldía do expediente que a continuación se relacionan:
 - Aportación municipal á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con destino ao proxecto de instalación de vídeo vixilancia no polígono industrial de Friol, polo importe: 12.000,00 euros. Aplicación: 132-623.
 - Aportación municipal con crédito extraordinario para a execución da obra denominada: Aforro e eficiencia enerxética no alumado público no núcleo de Friol (trátase de substituír as actuais luminarias de tecnoloxías convencionais por luminarias LED máis eficientes e reposición de cadros de mando, polo importe: 26.100,36 euros. Aplicación: 165-633.
 - Aportación municipal ao Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, destinado á adquisición dun tractor para labores de roza en zonas forestais, estradas e camiños municipais. O resto do crédito para este fin especificase no expediente de modificación de créditos número 5, que figura no Orde do Día desta sesión de Pleno. Importe: 10.725,41 euros. Aplicación: 425-609.
 - Aportación municipal mediante crédito extraordinario, para complementar a subvención da Consellería de Cultura e Turismo, para o afirmado e pavimentación do Camiño Real, desde o P.K. 4.240 ao 7.140. Importe: 21.500,00 euros. Aplicación: 432-609.
 - Adquisición dunha máquina desbrozadora, que unida a un tractor, prestará o servizo de limpeza das cunetas nas estradas municipais, como labor máis importante, financiada con fondos propios, polo importe de 21.780,00 euros. Aplicación: 453-623.
 - Adquisición de equipamento e outras instalacións, para o edificio destinado a Punto de Atención á Infancia, ubicado dentro do recinto escolar, polo importe: 9.541,42 euros. Aplicación: 933-625.
 - Obra que está executando o Obradoiro de Emprego "Cumes da Terra Chá III", denominada: Beirarrúas no Tramo Urbano da Estrada LU-231, en Friol, 3ª fase. Importe: 39.000,00 euros. Aplicación: 1531-609.
 - Aportación de fondos propios para suplementar o custo inicialmente previsto polos técnicos, para rematar a execución do proxecto de acondicionamento de edificio municipal para Punto de Atención á Infancia, dentro do recinto escolar, polo importe de 23.645,21 euros. Aplicación: 933-632.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

3.2.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm 5./2019 do estado de gastos do actual exercicio (segundo da competencia do Pleno) polo importe de 85.431€ para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, consistente en transferencias de crédito entre aplicacións de gastos de distintos grupos de programas.

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, emitíuse informe de intervención, sinalando o disposto na lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto Lexislativo 2/2002, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), propónse a adopción do acordo de aprobación polo Pleno do Concello, en canto órgano competente.

Procedeuse á exposición da proposta polo Sr. Alcalde, explicando as transferencias de créditos a realizar e as razóns para elo, concluíndo que o expediente non modifica os datos indicados no expediente tratado anteriormente polo Pleno, xa que as cantidades indicadas minóranse de unhas aplicacións do capítulo de inversións, para imputalas a outras do mesmo capítulo de inversións. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer intervencións ao respecto, procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, de transferencia de crédito entre aplicacións de gastos de distintos grupos de programas, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente, polo importe de 85.431€.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde procedeuse á proclamación dos acordos adoptados, agradecendo o Sr. Alcalde á concelleira Sra. Martínez Martínez, a seu apoio ás propostas.

4.- REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ.- Dáse conta ao Pleno das actuacións realizadas, á vista do disposto na Orde do 25 de marzo de 2019, da Consellería da Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2019.

Á vista do disposto na orde, procedeuse á solicitude polo Concello de Palas de Rei agrupado cos Concellos de Begonte, Friol e Guntín. Ao respecto, pola alcaldía ditouse a resolución da que se transcribe a continuación a súa parte dispositiva:

“PRIMEIRO.- Acollerme ós beneficios da Orde do 25 de marzo de 2019, da Consellería de Política Social, anteriormente referenciada e solicitar para este concello unha subvención que permita a creación do Centro de Atención Temperá, con data de inicio o 1 de setembro de 2019 e data de finalización o 31 de outubro de 2019, co seguinte orzamento:

GASTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA CONCELLO DE BEGONTE	ACHEGA CONCELLO DE FRIOL	ACHEGA CONCELLO DE GUNTÍN	ACHEGA CONCELLO DE PALAS DE REI
100%	90%	25% DO CUSTE NON SUBVENCIONABLE	25% DO CUSTE NON SUBVENCIONABLE	25% DO CUSTE NON SUBVENCIONABLE	25% DO CUSTE NON SUBVENCIONABLE
17.334,37€	15.600,93€	433,359€	433,359€	433,359€	433,359€

SEGUNDO.- Designar ó Alcalde do Concello de Palas de Rei como representante da agrupación, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario corresponden á agrupación e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e responsable de xustificar a axuda.

TERCEIRO.- O Concello de Palas de Rei comprométese solidariamente xunto cos Concellos de Begonte, Friol e Guntín á execución e a aplicación solidaria da subvención.

CUARTO.- Prestar aprobación ó expediente tramitado por este Concello para a solicitude da subvención que se indica, con inclusión da documentación que conteña.

QUINTO.- Asinar o correspondente convenio de colaboración cos Concellos mencionados anteriormente, para a xestión compartida”.

Á vista do actúado, do informe emitido por Secretaría, propónse ao Pleno do Concello a ratificación das actuacións realizadas. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** a ratificación das actuacións ao respecto.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO CUMES DA TERRA CHA IV.- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado, en relación coa solicitude, ao abeiro do disposto na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 17 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (D.O.G. núm. 88, de 9 de maio).

Visto o proxecto formativo redactado en orde a realizar conxuntamente entre os concellos de Begonte, Rábade e Friol, que comprende as especialidades de "Pavimentos e Albanelería de Urbanización" e de "Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización", así como formación complementaria de "Alfabetización informática: internet", "inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero" e "básico de prevención de riscos laborais", para a realización das actuacións que se detallan. Elo cun total de 20 alumnos-traballadores e unha duración de 9 meses.

Visto que se asinou Convenio de Colaboración entre os Concellos de Begonte, Rábade e Friol, para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego denominado "**CUMES DA TERRA CHA IV**".

Á vista da documentación obrante ao respecto, do informe emitido por Secretaría, á vista do prazo preclusivo establecido para a solicitude, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 7 de xuño do actual, adoptou o acordo do que se transcribe a continuación a súa parte dispositiva:

"PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA IV**", a desenvolver conxuntamente nos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, que comprende as especialidades de "Pavimentos e Albanelería de Urbanización" e de "Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización", así como formación complementaria de "Alfabetización informática: internet", "inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero" e "básico de prevención de riscos laborais".

SEGUNDO: Aceptar as delegacións dos concellos de Begonte e Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do proxecto formativo do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA IV**", a realizar ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2019.

TERCEIRO: Polo que respecta ao concello de Friol prestar aprobación á actuación concreta a desenvolver no municipio ao abeiro do devandito obradoiro de emprego denominada "**EXECUCIÓN DE BEIRARRRÚAS NA MARXE ESQUERDA DO TRAMO URBÁN DA ESTRADA LU 231**", segundo á memoria valorada redactada ao respecto por D. Fernando Alvarez Alvarez.

Ao respecto da mesma, declarar a titularidade xurídica pública do obxecto de actuación e a dispoñibilidade legal para a execución das devanditas obras previstas na memoria. Declarar así mesmo a tramitación das autorizacións administrativas esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto (autorización do organismo titular da estrada).

CUARTO: Comprometerse o Concello de Friol a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) , polo importe de 25.000€, en cantos aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe suficiente nos presupostos da entidade.

QUINTO: Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente ou persoa en quen delegue, para a realización das xestións que sexan necesarias e a sinatura da documentación que sexa precisa, en orde á efectividade do presente acordo, co obxecto de acadar a aprobación e financiamento do proxecto referenciado.

SEXTO: Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, aos efectos da súa ratificación"

Á vista do actúado, o Pleno do Concello votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** a ratificación das actuacións ao respecto.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

6.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas nos meses de xaneiro a maio do actual.

7.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A instancias do Sr. Alcalde, polo Secretario dáse conta das cuestións que a continuación se relacionan, de interese para o Pleno, sen que houbera ningunha cuestión ao respecto:

- En relación cos expedientes a solicitude de María Carmen Adán Ferreiro e José Manuel Varela Arias, de aprobación provisional de desafectación de camiños, aprobados polo Pleno do Concello, na sesión de 1 de abril do actual, sometéronse ao trámite de exposición pública mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia núm. 84 de 11 de abril do actual. No prazo establecido non se presentaron reclamacións, polo que os acordos ata entón provisionais, entenderanse definitivamente aprobados. Polo tanto, unha vez aprobados, continuarase coas actuacións pertinentes en orde á efectividade dos mesmos, mediante enaxenación no caso da solicitude de María Carmen Adán Ferreiro e enaxenación mediante permuta , no referente á solicitude de José Manuel Varela Arias.
- Acordo da Xunta de Goberno na sesión de 6 de maio:

7.- SUBVENCIÓNS SERVIZOS SOCIAIS.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012 do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (D.O.G. 30 de marzo de 2012).

Á vista do disposto no Decreto de referencia e das memorias elaboradas polos servizos sociais do Concello, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA:**

- 1 Que a prestación dos servizos sociais establecidos continúen nas mesmas condicións que no ano 2018.
- 2 Aprobar o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral (documento 2 da aplicación informática) que é de 350.876,50€,co seguinte detalle:
 - Persoal: 33.630,00€
 - Axuda no fogar:
 - Modalidade prestación básica do Plan Concertado: 600.00€.
 - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 284.646,50€
 - Xestión de programas: 32.000,00€
- 3 Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2019 na coantía de 299.294,66€, que supón unha porcentaxe do 46.03 sobre o orzamento total do proxecto excluídas outras achegas autonómicas.
- 4 Comprometerse a aportar dos seus propios presupostos as cantidades anteriormente incluídas e para os conceptos que se sinalan.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- 5 Facultar ao Sr. Alcalde Presidente, para que en nome e representación do Concello, realice as xestións que sexan oportunas e asinar a documentación precisa para a efectividade deste acordo.
- 6 Dar traslado do presente acordo á Consellería competente en materia de Servizos Sociais aos efectos oportunos.
- 7 Dar conta ao Pleno do Concello, en cumprimento do disposto no Decreto 99/2012 de 16 de marzo".

Unha vez concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día da sesión e con anterioridade ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, ao abeiro do disposto no art. 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno a inclusión na orde do día de rectificación de erros, en relación coa sede electrónica do concello. A vista do exposto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación á inclusión na orde do día da urxencia da proposta e da procedencia do seu debate, pasando seguidamente ó seu debate e votación

RECTIFICACIÓN DE ERROS.- Dáse conta ao Pleno do Concello, que coa data 16 de decembro de 2010 aprobouse a Ordenanza Reguladora da Administración Electrónica, na que se pon como sede de Friol a sede da Excm. Deputación Provincial www.sede.deputacionlugo.org. Con posterioridade, na sesión plenaria de 30 de xuño de 2016, apróbase o selo de órgano e selo de sede do concello de Friol, figurando sede <http://friol.sedeelectronica.gal>. Non obstante no ano 2017, o certificado de sede pediuse para <http://friol.sedelectronica.es>, que caducou en xuño do presente. Solicitouse novo certificado, detectando o erro, xa que no lugar de poñer <http://friol.sedeelectronica.gal> poñía <http://friol.sedeelectronica.gal> polo que se procede á rectificación do erro.

Á vista do exposto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** que se proceda á rectificación do erro de referencia, así como da posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia para a súa tramitación. Todo elo, sen prexuízo de que se proceda á tramitación pertinente en orde á unha nova redacción actualizando a Ordenanza da Administración Electrónica.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta, non constando a presentación de ningunha cuestión por escrito con anterioridade á sesión.

Non se formula ningunha cuestión ao respecto.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.